



Rodaballo

XUNTA DE GALICIA



Colección: **A Vida no mar salgado**

Idea e texto: **Fina Mosquera Roel**

Ilustracións: **Ana Sánchez Moreno**

Fotografía: **Miguel Sánchez Ortiz**

Edita:

XUNTA DE GALICIA

Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos.

D. X. de Innovación e Desenvolvemento Pesqueiro.



ISBN: 84-453-3358-5

Depósito legal: C-1726-2002

Imprime: Gráficas Sementeira





Rodaballo

Nome científico: *Psetta maxima*.

Castelán: Rodaballo

Éuscaro: Errebollo Arrunta

Catalán: Rémol Empexinet

Inglés: Turbot

Francés: Turbot

Eu son un rodaballo.

O meu corpo é plano en forma de rombo, case circular e sen escamas.

Teño os ollos no lado esquerdo e a miña boca ábrese lateralmente.

Son de cor castaña agrisada, pero adopto a cor do medio onde vivo.

Cando estou na area, a miña cor é igual cá da area, pero se hai pedras ó meu arredor, a miña cor pasa a ser coma a das pedras.



Non teño escamas, e cando nado, a aleta dorsal, que está preto dos meus ollos, érguese coma se fose unha pequena antena.

Vivo nos fondos mariños sen a penas moverme.

Aliméntome de pequenos moluscos, crustáceos e peixes.

Nado ondulando todo o meu corpo de arriba a abaixo. Cando chego ó fondo sacudo as aletas e cúbrome coa area.

Así, escondido son difícil de descubrir.



Estes rodaballos da dereita son máis escuros porque a area é escura.


Os da esquerda son máis claros.

Reproducímonos entre os meses de abril e agosto. Machos e femias soltámo-los produtos sexuais na auga.

Cando nos cultivan nas piscifactorías, reproducímonos con dificultade e téñennos que axudar.

Unha das axudas que recibimos son suaves masaxes no abdome para extrae-lo esperma dos machos e os ovos das femias. A fecundación prodúcese na auga.

Ós poucos días nace unha larva co aspecto dun peixe normal. Nada coma se fora unha sardiña e ten un ollo a cada lado.



Entre os vinte e os setenta días transformámonos en peixes planos e o ollo dereito váísenos para a beira do esquerdo.

Nas piscifactorías vivimos nunha especie de tanques e, segundo imos medrando, vannos cambiando de tanque ata que acadámo-lo tamaño comercial.

O tamaño mínimo legal é de trinta centímetros.



Estes son rodaballos nun tanque de engorde.

A maioría dos rodaballos que hai nas peixerías proveñen dos cultivos. Os outros péscanse ó palangre de fondo, ó trasmallo e, sobre todo, con miños e rascos.

Para distingui-los que son cultivados dos que se extraen do mar, hai que mira-las etiquetas; nelas vén marcada a forma de obtención.

No primeiro caso pon “criado”, e no segundo, “pescado”.



Rodaballo procedente de pesca extractiva.

Algún animal semellante:



Meiga.



Glosario

Piscifactoría: Lugar onde se cultivan peixes.

Productos sexuais: Óvulos das femias e espermatozoides dos machos.

Fecundación: Unión dun espermatozoide cun óvulo.





Outros títulos da colección



Polbo
Rodaballo
Ourizo
Xurelo
Mexillón
Peixe Sapo
Centola
Camarón
Percebe

Peixe Sapo



Brais
Carme
Antón
Ana

Ourizo

Na rede estamos en: pescagalicia.com



CONSELLERÍA DE PESCA E
ASUNTOS MARÍTIMOS

